



**ACTA PLENO DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 27 DE XUÑO DO 2022**

<p><b>ASISTEN:</b> Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna Olimpia Marcos García Dna Mª Victoria Montenegro Paz D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D, Luis Cendán Fernández. Dna. María Carmen Brage Otero. D. Miguel Ángel García Paz. Dna. Josefina Martínez Martínez. D. José Manuel Cendán Fernández D. Marcos Carballo Sarmiento <b>Sr. Secretario:</b> D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as doce horas e dazaoto minutos do día vinte e sete de xuño do dous mil vinte e dous, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
---	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Dáse conta da declaración institucional da FEMP con motivo do día internacional do orgullo LGBTI 28 de junio de 2022 que continuación se transcribe;

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL**

**CON MOTIVO DEL DÍA INTERNACIONAL DEL ORGULLO LGBTI**

**28 de junio de 2022**

Los seres humanos nacen libres e iguales en dignidad y derechos sin distinción alguna. Los derechos LGBTI son y serán siempre derechos humanos. Debemos trabajar por un mundo de absoluta tolerancia, libertad e igualdad.

El próximo 28 de junio se celebra el Día Internacional de Lesbianas, Gais, Bisexuales, Transexuales, Transgénero e Intersexuales; que conmemora en todo el mundo los hechos acaecidos en la noche del 28 de junio de 1969 en el pub Stonewall, situado en el barrio neoyorquino de Greenwich Village. Estos hechos dieron origen y son considerados como el catalizador del movimiento internacional por el reconocimiento de los derechos de las personas LGBTI y desde 1970 se conmemora dicha efeméride.





Este día nos recuerda la importancia de seguir construyendo sociedades más tolerantes que convivan en diversidad y promuevan el cumplimiento de los derechos vulnerados de las personas LGTBI.

Esta es una jornada para seguir movilizándose por una sociedad diversa y respetuosa con las diversidades de género, capaz de erradicar el odio y las discriminaciones; para seguir profundizando en la democracia y sus derechos

Debemos trabajar por un mundo de absoluta tolerancia, libertad e igualdad. Se ha avanzado, pero se necesita seguir en el empeño y eso requiere tiempo, esfuerzo y perseverancia, hay que denunciar la homofobia incluso si se presenta como diversión inocua o un trato cultural aceptado. Es discriminación y debemos como agentes responsables luchar contra ella y empeñarnos en lograr Ciudades libres e igualitarias.

Desde las Instituciones debemos asegurar la igualdad efectiva de todas las personas LGTBI y sus familias, como elemento esencial de una buena convivencia para el progreso y el desarrollo social.

Es nuestra obligación frenar los discursos del odio que desde hace algún tiempo se vienen escuchado, haciendo de muro para concienciar a la sociedad para que todas las personas sin importar su identidad u orientación sexual puedan ejercer, sin miedo y con respeto todas las facultades y derechos que les corresponden como ciudadanos y ciudadanas de pleno derecho.

En este sentido en marzo del año pasado, el Parlamento Europeo aprobó una Resolución contundente donde se declara que la Unión Europea es zona de libertad para las personas LGTBI y que no se tolerará la retórica peligrosa y discriminatoria que impide que millones de ciudadanos y ciudadanas vivan libremente.

Somos los ayuntamientos, Diputaciones Provinciales, Cabildos y Consejos Insulares, instituciones más cercanas a la ciudadanía y garantes de una acción local clara por la igualdad y la defensa de la convivencia, con independencia de la raza, sexo, religión, opinión o cualquier otra condición o circunstancia personal o social

Por todo ello desde la FEMP:

Invitamos a todas las Entidades Locales a adherirse a esta Declaración y nos sumamos en la defensa nítida del derecho a la plena igualdad, a la dignidad y al libre desarrollo de la identidad sexual y/o de género.





Mostrar nuestro compromiso de continuar en la promoción de actitudes y políticas que favorezcan la concienciación social para un efectivo cambio de mentalidad que erradique las actitudes LGTBIfóbicas y el rechazo a las mismas.

Creemos necesario tejer y conseguir amplios consensos para que se adopten las medidas necesarias, tanto legislativas como administrativas y de otra índole, para prohibir y eliminar el trato discriminatorio basado en la orientación sexual o la identidad de género en cualquier nivel de la Administración y mejorar así la legislación vigente.

Manifestamos nuestra especial preocupación por los múltiples casos documentados internacionalmente que ponen de manifiesto, aún hoy, la criminalización en algunos países de la homosexualidad y transexualidad, privación de derechos y discriminación legal, así como la impunidad de estos crímenes.

Dáse conta do manifestó da FEGAMP de apoio ás persoas LGTIQ+ do seguinte teor literal:

### **Manifiesto de apoio ás persoas LGTBIQ+**

A Fegamp, dentro do seu compromiso na construción dunha sociedade libre e garantista cos dereitos humanos e constitucionais, manifesta o seu apoio ás persoas LGTBIQ+ e se suma á histórica reivindicación de respecto á identidade que cada individuo sinte e conforme á cal decide vivir.

En pleno século XXI hai sectores da sociedade que seguen a negar un princ1p10 esencial: que ningún convencionalismo ou condición biolóxica pode estar por enriba da liberdade dunha persoa a ser quen e como queira ser. Fronte e esas mentalidades das que se nutren os discursos e delitos de odio, dende a Federación Galega de Municipios e Provincias facemos un chamamento á convivencia baseada na comprensión, empatía e concordia e, por suposto, a pór fin ás discriminacións, sinalizacións, desprezos ou calquera outra forma de maltrato psicolóxico ou físico.

O artigo primeiro da Declaración Universal dos Dereitos Humanos que proclama a liberdade e dignidade para todas as persoas polo mero feito de sel o, resulta vulnerado en maior ou menor grado segundo o contexto. As veces estas violacións teñen resultados dramáticos. As leis e institucións axudan, pero é a sociedade no seu conxunto a que ten a capacidade real de conquistar e preservar os dereitos e benestar dos seus membros, e todos e todas xuntos debemos actuar para acadalo.





Con motivo do 28 de xuño, Día Internacional do Orgullo LGTBIQ+ que rememora os altercados nos que se levou a voz contra a opresión a estas persoas, a Fegamp insta ás entidades locais galegas e a todos os seus veciños e veciñas a sumarse a esta declaración e facer canto estea nas súas posibilidades por esta causa, e así:

- **Condenar calquera discriminación** ou atentado tanto físico coma verbal contra as persoas LGTIBQ+
- **Procurar o benestar e respecto aos dereitos de calquera persoa**, sexa cal sexa a súa identidade ou orientación sexual
- **Rexeitar o discurso do odio** e a intolerancia e erradicar estas condutas en calquera das súas formas ou circunstancias
- **Censurar os espazos autoproclamados "libres de LGTBIQ+",** eufemismo que agacha discriminación e repudio.
- **Promover a igualdade, empoderamento e integración do colectivo LGTBIQ+,** dando visibilidade á súa situación e necesidades e contribuíndo ao seu benestar
- **Liderar o movemento para a construción dunha sociedade inclusiva, segura e con solucións para todos e todas**

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que con motivo do día LGTBI hai un manifesto da FEGAMP e unha declaración institucional da FEMP, podemos aprobar as das ou como queirades.

Toma a palabra o voceiro do PP o Sr. José Manuel Cendán Fernández, sinalando que se acordara aprobar as da FEMP pero si queredes aprobar as dúas non hai problema.

Intervén a voceira do BNG a Sra. Brage Otero manifestando que tamén lle da igual, foi o que dixestes o outro día, a min péreceme máis lóxico volvo a repetir, aprobar a da FEGAMP si vos fixastes é moito máis completa en contidos.

Toma a a palabra o voceiro do NAL o Sr. Luis Cendán Fernández dicindo que esta de acordo en votar as dúas.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que vaise someter a votación as dúas o manifesto da FEGAMP e a declaración institucional da FEMP.

Auséntase a Sra. Montero Candal sendo ás 12:20h.

Continúa o Sr. Alcalde preguntando que é Q+.





Intervén a Sra. Brage Otero manifestando que é un símbolo dos transexuais.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que propón a votación por separado porque eu esa non a voto, en consecuencia eu a doutrina Queer non a comparto, a rexeito totalmente, busca a substitución das mulleres e en consecuencia o sexo é unha condición xenética, é una condición inmutable e en consecuencia desde esa perspectiva non comparto que ocupen os espazos femininos, gañando as medallas de ouro, os esposos íntimos etc.. polo tanto non comparto a doutrina Queer e eu esa non a voto, pero que cada un vote o que queira, pero eu a substitución das mulleres non a aprobo en consecuencia, votamos primeiro a declaración institucional da FEMP

Sometida a votación a aprobación da declaración institucional da FEMP **“CON MOTIVO DEL DÍA INTERNACIONAL DEL ORGULLO LGTBI, 28 de junio de 2022”** o Pleno do Concello por unanimidade dos presentes, 12 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Sometida a votación a aprobación o manifesto de **“Apoyo as persoas LGTBIQ+ FEGAMP”** o Pleno do Concello por 2 votos a favor (2 BNG), 3 en contra (3PP) e 7 abstención (6 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL) acorda rexeitar o manifesto.

**Punto núm. 1.- Aprobación se procede da acta da sesión do día 19/05/2022.**

Sometida a votación a aprobación das **“Acta da sesión do día 19/05/2022”** o Pleno do Concello por unanimidade dos presentes, 12 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

**Punto núm. 2.- Aprobación se procede da addenda convenio de colaboración entre o Concello de Fene e o Concello de Ares para o subministro de auga á parroquia de Caamouco, Lugares da Malata, Ixobre, Chao do Monte, Pallizo e a Solaina.**

**Dáse conta da “Addenda convenio de colaboración entre o Concello de Fene e o Concello de Ares para o subministro de auga á parroquia de Caamouco, Lugares da Malata, Ixobre, Chao do Monte, Pallizo e a Solaina”.**

ADDENDA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FENE E O CONCELLO DE ARES PARA O SUMINISTRO DE ALIGA Á PARROQUÍA DE CAAMOUCO. LUGARES DA MALATA, IXOBRE, CHAO DO MONTE, PALLIZO E A SOLAINA.

ANTECEDENTES





Primeiro.- Con data 16 de decembro de 2015 foi asinado o convenio de colaboración entre o Concello de Fene e o Concello de Ares para o subministro de auga á parroquia de Caamouco, lugares da Malata, Ixobre, Chao do Monte, Pallizo e a Solaina.

Segundo.- Mediante dita convenio o Concello de Fene autoriza ao Concello de Ares para realizar a conexión da rede de abastecemento de auga de Fene en Limodre ó Concello de Ares para dotar do servizo de abastecemento á parroquia/núcleos de A Malata, Ixobre, Chao do Monte, Pallizo e A Solaina

A tal efecto para efectuar dita suministro á rede de abastecemento de auga de Ares foi instalado un contador que rexistra a cantidade de auga subministrada dende o Concello de Fene, senda ditas obras de conexión e instalación financiadas e contratadas polo Concello de Ares e realizadas polo concesionario do servizo do Concello de Fene (Víaqua), senda igualmente por conta do Concello de Ares o mantemento/reparación do citado contador e percibindo o Concello de Fene as tarifas recollidas na Ordenanza fiscal vixente en cada momento e o canón da auga correspondente (tributo autonómico).

Terceiro.- Que xurdindo problemas derivados de dita suministro a usuarios do Concello de Fene, situación da que é alleo o Concello de Fene e senda intención conseguíntemente do Concello de Fene dar solución ós problemas creados a usuarios da zona do Concello de Fene así como tamén polo Concello de Ares vese oportuno colaborar na resolución de ditas problemas creados polo suministro ao mesmo.

Asináse a presente ADDENDA coas seguintes estipulacións:

**Primeira.-** O Concello de Fene realizará unha extensión da rede de abastecemento en Laraxe-Limodre nos termos segundo orzamento presentado pola empresa concesionaria "VIAQUA" de 24 de agosto de 2021 por importe de 29.716,89 euros, ó que presta conformidade o Concello de Ares.

**Segunda.-** As partes acordan de mutuo acordo financiar a devandita actuación coa finalidade de solucionar os problemas causados ós veciños do Concello de Fene, e a tal efecto taran unha aportación a partes iguais de 14.858,45 euros.

**Terceira.-** O Concello de Ares declara ter consignada a súa aportación no orzamento do exercizo 2022 e procederá a ingresar/trensferir a devandita cantidade unha vez sexa reclamada polo Concello de Fene nun prazo máximo de 15 días.







O incumprimento de transferir ao Concello de Fene a aportación correspondente dentro do prazo estipulado suporá a abriga automática de transferir ao Concello de Fene os intereses de demora previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, así como calquera outro dano e prexuízo que se lle irroque ao Concello de Fene por mor do dita incumprimento.

**Cuarta.-** A extensión da rede efectuada quedará en posesión e titularidade do Concello de Fene como parte integrante da súa propia rede de abastecemento de auga.

**Quinta.-** A presente addenda ten carácter administrativo, enmarcase e amparase no ámbito das relación interadministrativas e de cooperación previstas no artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, nos artigos 198 e 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, así como 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 e outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

**Sexta.-** A presente addenda ten carácter administrativo. Tódalas cuestións que se susciten sobre a súa aplicación, interpretación, resolución de controversias e efectos, e non resulten resoltas pola Comisión de Seguimento, serán resoltas perante a xurisdicción contencioso-administrativo.

E para que así conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan o presente convenio por triplicado exemplar e con un só efecto no lugar e data indicados no encabezamento.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que en Caamouco hai auga privada e só a dan no casco urbano, é unha comunidade de augas e en todo o entorno non a dan porque din que non a hai, posiblemente sexa certo porque as minas de auga que efectivamente hai alí houbo unha expansión moi importante dos cascos habería que facer extensión de rede e a comunidade de augas non ten cartos para facer extensións de rede, en consecuencia, nos levamos o auga a toda esa zoa pero había montas zonas sen auga, A Malata e a zona máis alta de Ares parece mentira pero ten moita cota (non é Montefaro), dende a zona da costa ten moita cota entón asignamos un convenio co Concello de Fene e para esa zona collemos auga dos depósitos de Vilar do Colo polo tanto, hai que facer unas pequenas obras para que efectivamente esa mingúa que supón que eses depósitos que nos serven non afecten ao lugar, efectivamente asignamos una addenda a ese lugar para asumir eses gastos a medias co Concello de Fene paréceme razoable e o obxectivo da addenda deste convenio é solucionar algúns





desequilibrios que afectan a ese subministro, hai que facer obras polo tanto, é lóxico que as asumimos a medias.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha intervención.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que o seu grupo vai a votar a favor.

Toma a palabra a Sra. Brage Otero sinalando que o seu grupo tamén vai a votar a favor.

O Sr. Alcalde somete o punto a votación.

Sometida a votación a aprobación das **“Aprobación se procede da addenda convenio de colaboración entre o Concello de Fene e o Concello de Ares para o subministro de auga á parroquia de Caamouco, Lugares da Malata, Ixobre, Chao do Monte, Pallizo e a Solaina”** o Pleno do Concello por unanimidade dos presentes, 12 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

#### **Punto núm. 4.- Dar conta das resolucións adoptadas pola alcaldía.**

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da “última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

#### **Punto núm. 5.- Mocións-Proposta**

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG **“Servizo de Atención no Fogar - SAF”** de data 14 de xuño que a continuación se transcribe;

#### **MOCIÓN AO PLENO DO CONCELLO DE ARES**

O Servizo de Atención no Fogar, SAF, cumpre un papel esencial dentro da nosa sociedade. Este servizo público, privatizado a través de empresas concesionarias, permite proporcionar no propio domicilio unha serie de atencións a aquelas persoas ou familias que o precisen por non serlles posible realizar as súas actividades habituais, de modo que se garanta un adecuado nivel de vida.

As traballadoras do SAF desenrolan un amplo abano de tarefas que van dende o apoio á socialización, o acompañamento a visitas terapéuticas, o apoio a hixiene







persoal, o lavado e pranchado de roupa, a limpeza no fogar ou facer a comida entre outras tarefas que realizan.

Pero este servizo esencial para a comunidade, é un dos traballos mais precarizados e feminizados que existen, onde as profesionais destes servizos levan denunciando desde hai anos abusos das empresas concesionarias, a propia administración ten a abrigo de esixir as empresas que licitan coa administración, o cumprimento dos dereitos das traballadoras, e mais, cando reciben cartas públicas.

Neste contexto, as traballadoras do SAF levan máis de 10 anos reclamando un Convenio Digno que ate agora non foi negociado, pero este Convenio Colectivo contén unha cláusula de revisión salarial doIPC-real.

Ano tras ano, as traballadoras foron incrementando os seus salarios con esa referencia, non perder o poder adquisitivo, ate este ano 2022, as empresas, néganse a pagar o 6,5% doIPC-real do ano 2021.

As empresas non só incumpren o convenio colectivo de ámbito galega, senón tamén os pregos de condicións, onde se explícita a abrigo das empresas de cumprir en materia laboral.

É imprescindible que o goberno local supervise este contrato e que demande das empresas concesionarias o cumprimento da legalidade laboral vixente, garantindo os dereitos laborais das traballadoras.

Do mesmo xeito, e necesario que a Xunta de Galiza, como responsable dos servizos de Atención no fogar, se implique para garantir que se cumpran as condicións laborais das traballadoras de Atención no fogar.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que hai unha moción do BNG polo tanto cédolle a palabra a voceira do BNG para que expoña a moción.

Toma a palabra a Sra. Brage Otero sinalando que a moción a poidechedes ler todos penso, polo tanto, imos a falar desta xente en feminino porque realmente a inmensa maioría, por non dicir todas son mulleres as afectadas.

Sabemos que o Servizo de Axuda no Fogar é fundamental e cada vez máis vemos que cada vez máis vemos que a poboación cada vez está mais avellentada, cada vez hai mais dependentes de todo tipo, non soamente dependente físico, é un servizo que se oferta como público pero





que é fundamental, ofertase como público pero está normalmente en mans de empresas privadas polos motivos que sexan pero está en mans de empresas privadas entón, o traballo real, o traballo que se oferta realmente o fan traballadoras por conta allea para empresas privadas en termos xerais que pasa, e que as entidades públicas que ofertan o servizo ao mellor non lles resulta rendible pero da a casualidade que as empresas privadas si resúltalle rendible porque todas teñen ganancias entón, como gañan, gañan a conta de precarizar as condicións sociolaborais e económicas das traballadoras non esquezamos, que sendo un colectivo tan importante e tan singular case ningunha traballadora ten nin sequera unha xornada completa de traballo e enriba viviron o peor da pandemia, normalmente polos casos que eu coñezo nin sequera foron formadas nin en tempo nin en forma para afrontar ao que se enfrontaron, puxeron dende o minuto cero a súa vida e a dos seus en risco, e esa xente non tivo nin sequera un recoñecemento, non tivo ningún tipo de bonificación, non levaron nada a cambio entón, é de xustiza cumprir con elas, e tamén é de xustiza cumprir con elas basicamente porque teñen un convenio vixente dende o 2009 con cláusula de revisión no 2011 que foi prorrogado e prorrogado entón as empresas asumían ese convenio porque cando o índice real era de 0,2% non había ningún problema todo era ganancia, o problema era cando o IPC era de 0,5% non había problema, cando o IPC era de 8,6% xa empezou a haber problemas, pero o ano pasado aparece este IPC que non ten nada que ver con elas, elas non son culpables polo tanto, si hai un convenio asinado hai que asumilo, as empresas tiveron tempo a formar a mesa de negociación para revisar o convenio e senón o fixeron foi porque lles ía mellor sen revisar, esa é a nosa posición entón ágora as empresas temen presa, e se levan as mans a cabeza porque é moitísimo o que teñen que asumir pero claro cando elas estiveron, as empresas estiveron ganando cartos eses cartos os ganaron elas, as traballadoras eran as que poñían o corpo que é o que queda maltrato pasados os anos e aínda por enriba en precario entón, é de xustiza que respectemos a que atende a nosos veciños/as, é de xustiza e non vou a faltar nada máis pero pensade que mañá os que imos a ser dependentes vimos a ser nós, e quen nos atenda (esperemos que alguén nos pida atender) esperemos que sexa xente que este ben motivada, respectada e xente que sexa capaz de comprometerse totalmente co seu servizo, co seu traballo porque non quedan máis alternativa ou o servizo se fai de axuda no fogar ou se fan xeriatricos, e si se van a facer xeriatricos estamos tardando entón repito hai un convenio que está vixente e que hai que cumprir entón, que contrata as empresas loxicamente debería de vixiar que se cumpran todas as condicións, máis que nada e aparte por respecto as traballadoras que son veciñas nosas e por respecto aos usuarios/as do servizo.





Remata a Sra. Brage Otero a súa intervención.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que o que ten entendido é que en Ares se paga e non lle imos a dicir desde o pleno de Ares o que ten que facer ao resto dos concellos, nós o problema o temos solucionado a empresa de Ares paga este IPC e en consecuencia en Ares non hai este problema o que fagan outros concellos co seu servizo e o seu problema, pero non imos a aprobar aquí unha moción para decirlles o que teñen que facer se fora para Ares loxicamente teríamos que esixir que se fixera, pero as miñas noticias son que a empresa que leva o servizo en Ares cumpre o convenio, se cumpre o convenio non teño nada que aprobar aquí, as traballadoras de Ares se lles cumpriu o convenio e se lles subiu o IPC entre outras razóns porque nós lle imos a subir o IPC a empresa non somos tontos, si a empresa nos reclama o IPC real, para que, porque se lles subiu o salario as traballadoras, pois perfecto, en consecuencia, non imos a apoiar a moción porque este problema neste concello non existe e os outros concellos teñen os seus plenos, aquí en Ares a empresa VIRXE DO CARMEN cumpre o convenio subiu o IPC nas nóminas e agora a empresa nolo reclama loxicamente, con toda a razón entón ben, simplemente aclarar isto.

Remata o Sr. Alcalde e dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que deberíamos centrar o tema xa que se presentan mocións sen saber do tema, de quen é a competencia o de quen non é a competencia polo tanto, imos a aclarar o tema. Este é un servizo que a Xunta financia cun 70% e o 30% o sufraga o Concello cunha pequena aportación dos usuarios, a Xunta asinou un convenio coa FEGAMP no que se fai constar unha subida progresiva dende o ano 2021 unha subida do 9,7% de 11% ata chegar ao 14%. A Xunta incrementou o servizo en cen millóns de euros, un 24% máis de inversión e con respecto a intervención do BNG, unha cousa é o que se fale e outra cousa é a realidade, si estudamos como están os concellos da comunidade autónomas veremos que o concello cae nunha contradición porque dos tres partidos PP, BNG e PSOE o 43% dos concellos gobernados por alcaldes do BNG teñen o servizo externalizado quero dicir, se traen mocións aquí, votamos dogma de fe e despois nos concellos que gobernamos facemos o que queremos, externalizamos o servizo cando é un servizo público que ten que levar o concello. En canto os convenios, non lle corresponde nin ao concello nin a Xunta de Galicia lle corresponde a inspección de traballo é una competencia do Ministerio de Traballo para iso están os inspectores para revisar e facer as denuncias pertinentes e si é así que reclamen, eu creo que os concellos bastante fan con dar un servizo é un servizo bastante





importante que están asumindo os concellos iso de dar dogma de fe e despois facer todo o contrario, si teñen un problema de convenio pos temen que denunciar para iso están os sindicatos, a inspección de traballo e a lexislación estatal e si teñen dereito pois que se lles de, quero dicir a FEGAMP e a Xunta de Galicia chegaron a un acordo están a 9% va a pasar a 12% e logo a 14% e iso está ata o ano 2024, eu creo que se está a facer un esforzo importante pero o tema dos convenios pois a que lle corresponda que é ao Ministerio de Traballo e a inspección de traballo por iso nos imos a votar en contra porque nos aquí non vemos nada que falar e o acordo tomado por parte da Comunidade Autónoma, Concellos e FEGAMP é un acordo que vaise a superar en miles de euros a situación, si as traballadoras ven que por parte do concello ou da empresa que leva o servizo non lles paga pos terán que denunciar a inspección de traballo igual que aquí no concello, aquí hai un representantes sindicais e os traballadores fan as reclamacións e as temen que facer sola vía social.

Remata o Sr. José Manuel Cendán Fernández a súa intervención.

Toma a palabra o Sr. Alcalde aclarando novamente que en Ares se cumpre e a empresa reclámanos o IPC tamén.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do NAL.

Intervén o Sr. Luís Cendán Fernández manifestando que está en contra.

O Sr. Alcalde somete a moción a votación.

Sometida a votación a aprobación a moción presentada polo grupo BNG **“Servizo de Atención no Fogar - SAF”** o Pleno do Concello por 2 votos a favor (2 BNG) e 10 en contra ( 6 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3PP) acorda rexeitar a moción.

Intervén novamente o Sr. Alcalde sinalando que quere que quede claro que a razón é que neste concello se cumpre o convenio.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha moción pola vía de urxencia.

Responde o Sr. Secretario sinalando que hai unha proposta de modificación da ordenanza de estacionamento.

Dáse conta da proposta de “Modificación da ordenanza reguladora e fiscal do estacionamento regulado e da taxa pola súa utilización no Concello de Ares” que a continuación se transcribe:





**MODIFICACION DA ORDENANZA REGULADORA E FISCAL DO ESTACIONAMENTO REGULADO E DA TAXA POLA SÚA UTILIZACIÓN NO CONCELLO DE ARES ( BOP Nº 118 de 29-07-2020 )**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No ano 2020 derivada da pandemia mundial declarada pola Covid 19 o concello de Ares adaptou as instrucións do goberno central e autonómico en concreto a RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta da mesma data, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Dentro da referida resolución, entre outras, establecíanse unha serie de obrigas de seguridade, hixiene e distancia social para o uso de praias. O apartado 3.30 do Anexo estipula no seu número 4 que “Os concellos poderán establecer limitacións tanto de acceso como de aforo nas praias a fin de asegurar que se poida respectar a distancia interpersoal de seguridade entre usuarios. Para iso poderán tamén establecer límites nos tempos de permanencia nas mesmas, así como no acceso aos aparcamentos en aras de facilitar o control do aforo das praias”.

O Concello de Ares optou por limitar o aforo das praias, de intensa ocupación en período estival, controlando a posibilidade de aparcamento para as persoas usuarias que acudan en transporte privado ás mesmas.

A ordenanza elaborada polo concello de Ares que incluía medidas para poder dar acubillo ás liñas xerais marcadas polas administracións competentes foi aprobada e publicada no BOP número 118 do 29.07.2020.

Este feito, unido á intención, xa reflectida na exposición de motivos da ordenanza que aquí se modifica, de establecer un sistema de regulación de acceso do tráfico rodado de non residentes para a época de verán, independentemente da presenza ou non de restricións sanitarias derivadas do Covid-19, coa finalidade de ordenar de maneira segura e racional todas as superficies susceptibles de aparcamento, levan a adecuar e modificar algún dos artigos existentes .





Tras decaer o estado de alarma e recuperarse case na súa totalidade a normalidade prepandémica convén suprimir as limitacións de aparcamentos nas zonas nas que existen zonas específicas a tal efecto (Chanteiro, Seselle ou Raso ) pasando a converter en estacionamentos brancos de uso libre e gratuito algúns dos lugares habilitados os pasados veráns aos que só se podía acceder mediante reserva previa e pago de taxa.

Por todo o exposto, modifícanse o seguintes apartados :

Do CAPÍTULO I. CONCEPTO

Artigo Primeiro, punto 1, parágrafo 2 queda como segue:

Estacionamento azul: de uso xeral, de pago e con franxas horarias

Zonas de aparcamento no casco urbán de Ares.

Estacionamento verde: de uso exclusivo para os vehículos recollidos no artigo terceiro punto 2, nos centros urbanos e núcleos rurais do municipio.

Estacionamento branco: de uso xeral, gratuíto e sen franxas horarias en todo o ámbito municipal.

Do CAPÍTULO II. SUXEITOS OBRIGADOS AO PAGO DA TAXA E SUPOSTOS

Artigo Terceiro. Apartado b queda como segue:

Para o estacionamento nas zonas de aparcamento azul, dentro do horario indicado no apartado anterior e con independencia do tempo que dure a súa estancia no aparcamento, os vehículos deberán proveerse do código que lles permita o estacionamento para cada franxa horaria mediante a súa adquisición a través da aplicación/ web habilitada para ese efecto.

Facúltase á Xunta de Goberno Local para actualizar anualmente a tarifa conforme ás variacións do Índice Xeral de Prezos ao Consumo en termos interanuais.

O Artigo Quinto apartado 1 queda como segue:

As zonas de estacionamento azul sometidas a previo pago esténdense do 1 de xullo a 31 de agosto. O seu horario será de luns a domingo de 11:00 horas a 13:00 horas e de 17:00 horas a 19:00 horas.







Intervén o Sr. Alcalde manifestando que nunha comisión ou nun pleno non o recordo, falei sobre a modificación da ordenanza porque xa non hai alerta COVID e a ordenanza nace coa intención de controlar o aforo nas praias con esa finalidade se establecen mecanismos de reserva previa como por exemplo en Chanteiro, que había unha zona de residentes e outra de non residentes na que había que reservar, o mesmo en Seselle e no Raso agora xa non hai aforo porque non hai alerta sanitaria en consecuencia, convértense en zonas brancas, en zonas libres, o primeiro que chegue aparca e o que chegue tarde xa non ten onde aparcar pero xa non hai razón para poñer zonas azuis porque xa non hai que delimitar Seselle, Raso ou Chanteiro outra cousa é o casco urbano de Ares, no casco urbano dáse unha situación que non se da nas outras zonas de Ares ven un non residente a pasar no verán o 1 xullo e non o move o coche ata o 31 de agosto, en Ares non hai que mover o coche temos todo preto e temos efectivamente moitos coches aparcados semanas enteiras sen moverse, ocupan os espazos de comercio pois é complicado en consecuencia, en Ares decidimos manter zonas azuis, brancas e verdes porque hai problemas de aparcamento en consecuencia, as zonas azuis redúcense ao mínimo que serán a entrada, o porto ata o pez roxo e do club de remo ata o porto, son zonas que están en primeira liña de praia a xente vai a praia e deixa o coche catro ou cinco horas pois ben, esas zonas seguen sendo azuis que loxicamente ao ter que pagalas vaian aos aparcamentos disuasorios. Os aparcamentos disuasorios é de balde son na entrada do pobo, mazote, cruzamento de Chanteiro, na Avda. de Mugardos e por última en correos, son leira aparcadoiro de baldes e a xente pode deixar alí o coche, pero na fachada marítima non, na entrada do pobo e a zona do club de remo aí mantemos as zonas azuis para non residentes, os aresáns poden aparcar de onde queiran pero os non residentes se queren aparcar en primeira liña de praia pois teñen zona azul, como xa non hai como controlar o aforo a zona azul xa non se reserva o que chega ocupa e paga no momento e senón hai aparcadoiro xa non paga, en consecuencia ve unha zona azul, aparca, descarga un código QR e paga polo tanto, estas zonas en primeira liña manteñen a zona azul para non residentes se habilitan aparcamentos disuasorios fora das primeiras liñas de praia no circulo de Ares, empezamos en Plácido nos metemos ao Mazote e imos pola Avda. Mugardos en consecuencia na circunvalación hai aparcadoiros habilitados pero a Rúa María, Real e o Porto son zonas exclusivamente para residentes e o resto e zona branca, ou sexa zona libre polo tanto, modifícase a ordenanza, onde di para ordenar o aforo porque xa non hai aforo, a eliminación de zonas azuis en Chanteiro, Seselle e o Raso (o primeiro que chega aparca), pero en Ares hai que solucionar os problemas de estacionamento e como vedes nas zonas azuis non hai ningún





bar, ningún restaurante ni ningún comercio, do club de remo ao porto non hai nada e na zona da entrada de Ares e os Castros tampouco entón ben, aí o que hai é a praia e queren aparcar preto da praia aí pagan, porque aparcar en primeira liña de praia non é imprescindible tes outros aparcadoiros dispoñibles, hai que ordenar a ordenanza con esta nova previsión.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández facendo referencia a Rúa Anxos dende a ferraxería non ten nada.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que é zona verde desde a ferraxería ata .....

Toma a palabra a Sra. Barrón Ferro dicindo que non é verde é branco.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que ese é o problema a outra rúa está en branco e os veciños de esa rúa non poden aparcar.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que nesa rúa hai negocios e onde hai negocios é branco.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que nesa rúa é imposible de aparcar.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que hai negocios, a ferraxería, kiosko, o teu bar, o mercado, velvet é dicir mantemos a zona branca porque é comercio, esa zona é verde ata o quiosco e despois é verde porque é zona de restaurantes, bares, farmacia, onde hai negocios deixamos zonas brancas.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que hai que buscar unha solución porque chegamos alí e non hai forma de aparcar.

Toma a palabra o Sr. Alcalde preguntando que é o que propón.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que os veciños que viven aí non teñen ningún dereito, a ferraxería ten o se aparcadoiro pero eu chego no meu coche e quero descargar e xa está a policía e non pode facelo porque é ilegal, nun vado se pode descargar que para iso é.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando si o que propón e que sexa zona verde.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que os veciños chegan alí e non hai onde descargar, os que viven nesa rúa non teñen ningún dereito, eu creo que isto deberíamos levalo a unha comisión e darlle una volta a todo porque iso é unha cousa que hai que arranxar, pero hai algunha mais e poderíamos chegar a un acordo.





Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que en aparcamentos gañamos porque temos no Mazote e na Avda. Mugar dos que antes non os tiñamos, hai aparcadoiros disuasorios suficientes pero no entorno que non se metan no casco, pero logo no casco hai que deixar zonas brancas.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que o entende, pero ca ferraxería non hai forma, as dez da maña tiven que deixalo na outra punta e si quero descargar teño a policía enriba, o vao está mal porque a entrada tiña que ser pola Rúa Anxos e saír pola Rúa Real de forma que deixaran o calexón aberto e por diante descarga a ferraxería entón estamos que non podemos máis, este é un punto negro que hai pero pode haber máis.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que si o pintamos zona verde é complicado porque é unha zona de moita afluencia, a xente para na ferraxería, kiosko, estanco, velvet é dicir, si poñemos zona verde enfatiamos aos negocios eu xa digo, si os fixades nas rúas onde hai zona verde non hai ningún bar, tenda.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si son de Ares poderían aparcar.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que a regra é que de onde hai comercio é zona branca, a zona verde é onde non hai negocios a Porta do Sol é branca, e o entorno polo supermercado, froiterías e demais, as zonas azuis hai son as da praia porque senón aparcan aí e o deixan dous meses, pagando non o fan, aínda que sexan dous euros se o afán non é recadar.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que hai que buscarlle unha solución a Rúa Santa Bárbara, esa é unha zona complicada, o que hai que facer aí con tempo que xa está contemplado no PXOM é sacar os peches, porque é a zona de saída de Ares están pasando os anos e iso é tercer mundista.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que si pero son solos urbanos, ti sabes o que custa iso.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que está fóra de aliñación.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, pero hai que expropiar e pagar.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que no seu día permitiuse pechar iso e foi un erro hai que arrancar iso, iso non pode estar así, ten unha aliñación e habería que falar co propietario da muralla e que aliñe co edificio de Froiz que lle faga o peche o concello pero hai que miralo, iso non se pode deixar pasar.





Intervén o Sr. Alcalde manifestando que isto é un tema delicado, cos anos de pandemia houbo que delimitar o aforo e non vas a delimitar o aforo tratando igual aos non residentes como aos residentes tes que ter unha deferencia, un coche paga o IVTM aquí e outro non, iso ten que significar algo entón ben, reservamos para residentes pero non podemos reservar todo e como a repartimos pois o que reserva polo menos o que se preocupa por facelo e foi moi complicado e ao final para recadar mil e pico de euros, a un euro pola mañana e outro pola tarde efectivamente se fixo para controlar o aforo porque viña a garda civil e chamaban da delegación do goberno con fotos da praia de Chanteiro a marea chea e a praia chea, alcalde a praia chea, e eu que queres que faga me poño nas escaleiras e deixo baixar a uns e a outros non.

Si que é certo que nos fixo reconsiderar unha situación que existe, Chanteiro, Seselle o Raso o que chega ten onde aparcar pero en Ares a situación e diferentes chegan teñen praza de garaxe no edificio pero o deixan fora porque lles é máis cómodo e poden deixalo fora e o deixan dúas semanas porque non teñen necesidade de movelo e non pode ser entón, na praia de cans que queira aparcar xusto na praia e non é de Ares pois que pague 1€, e na praia do Xuncal e Rosalía de Castro igual zona azul e ao final a zona azul efectivamente é ridícula, non sei cantos aparcadoiros hai de zona igual 200 non creo que máis pero brancos hai máis da metade, en total un 60% ou un 70%.

Toma a palabra a Sra. García Blanco sinalando que aparcamentos en zona branca hai sobre 520 prazas brancas e con aparcadoiro e verdes sobre 300 e pouco.

Continúa o Sr. Alcalde sinalando que hai case o dobre de prazas brancas máis que verdes. Eu propoño unha comisión para tratar este punto e explicamos cales son as razón polas que efectivamente se fai isto.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que ao mellor hai que incluír algunha zona que non ven os técnicos pero si o vemos nós.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que en correos xa foron mercados os terreos para ampliar o aparcadoiro polo tanto, xa vai a ser o dobre, agora intentaremos comprar o outro terreo e aí xa faremos un macro aparcadoiro. Na zona de Papellas o PXOM xa se contemplan como equipamentos onde era a granxa de cerdos aí tamén vai un gran aparcadoiro, o da entrada xa é noso, no Mazote conseguimos tres e na Avda. Mugaros conseguimos outro pero claro ata que non edifiquen.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que no aparcadoiro da entrada habería que facer algo porque non aparca ninguén.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que todos sabemos o que temos que facer, poñer a 1€/hora e pintar zonas azuis e veras que pronto se enche.





Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que ao ser de herba a xente ten medo a meter o coche aí, hoxe había un coche pola mañá eu creo que aí tiñamos que acondicionar.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que con un montón de zona brancas e as azuis a 1€ tampouco o deixo eu efectivamente, eliminando a zonas brancas e subindo as zonas azuis xa veras como pronto se enche pero ben, isto ten que ser progresivo.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que todo pasa por acondicionar a parcela, pedir autorización a medio ambiente para enchelo e poñelo a altura da estrada e xa veras como se aparca aí.

Reponde o Sr. Alcalde manifestando que alí ca Xunqueira ao lado non o creo.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que igual que as outras parcelas, están todas enchidas.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que aí se entra perfectamente, outra cousa é un autobús que non entra, pero para iso habilitouse un aparcadoiro no Mazote que é a zona amarela, pero o obxectivo non é que os autobuses aparquen aí e deixen a xente para que vaian pola estrada, temen que entrar no pobo e si vas no te coche aparcar e das un paseo pola Xunqueira e chegas a farmacia pero ben, isto vémolos nunha comisión pero a modificacións hai que aprobala porque senón non entra en vigor, a ordenanza non define zonas as zonas as decidimos nos na comisión o que cambia é que xa non hai aforos, que Chanteiro, Seselle e o Raso son libres ou sexa eliminase o do COVID na ordenanza porque xa non ten sentido falar de aforos.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha outra intervención.

Non hai.

O Sr. Alcalde somete a votación a urxencia.

Sometida a votación a urxencia do punto o Pleno do Concello por 10 votos a favor ( 6 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3PP) e 2 votos en contra (2 BNG).

O Sr. Alcalde somete o punto a votación.

Sometida a votación a aprobación da **“Modificación da ordenanza reguladora e fiscal do estacionamento regulado e da taxa pola súa utilización no Concello de Ares”** o Pleno do Concello por 7 votos a favor ( 6 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL), 3 abstencións (3PP) e 2 votos en contra (2 BNG) acorda a súa aprobación.

**Primeiro.-** Aprobar con carácter inicial a **“Modificación da ordenanza reguladora e fiscal do estacionamento regulado e da taxa pola súa utilización no Concello de Ares”**





**Segundo.-** De conformidade co art. 49 da lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local o procedemento someterase a información pública por un prazo de 30 días a efectos de reclamacións ou subsanacións que estimen oportunas.

**Terceiro.-** No caso de que non se presenten reclamacións ou suxerencias, a presente aprobación inicial entenderáse definitivamente aprobado o devandito acordo ata o entón acordo provisional

#### **Punto núm. 6.- Rogos e preguntas**

O Sr. Alcalde pregunta a voceira do BNG si quere intervir.

Responde a Sra. Brage Otero dicindo que non.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando si se van a levar a cabo traballos de mantemento en Rampares, xa que vas polo paseo e vese todo oxidado.

Responde o Sr. Vilar Rico dicindo que este pendente de pintar.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que hai un cableado tirado na estrada de Seselle que é o que pasa con iso.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que ese cable é de telefónica avisouse un montón de veces pero non veñen.

Intervén a Sra. Marcos García sinalando que ese non o modificaron porque vanse a mover os postes para facer a senda.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o que din é que non van a poñer un poste agora para despois movelo para facer a senda.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando de que é a torreta que están a instalar na fonte da Tella.

Responde a Sra. Barrón Ferro dicindo que é de Telefonía.

Intervén novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando sobre a xunta de goberno de data 14/06/2022 van dúas sentenzas, unha demanda de Dna. Irene García García contra desestimación por silencio de declaración no obrigada por unha licenza e a outra é a sentenza firme de Gamundi que xa foi a outra xunta de goberno.

Toma a palabra o Sr. Alcalde pregunta sobre a instalación da antena na Fonte da Tella.







Responde a Sra. Marcos García manifestando que é a construción dunha antena para telefonía o que pasa é que actividade aínda non a pediron, pedirán a construción, son empresas distintas.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando si é nunha parcela privada.

Responde a Sra. Marcos García dicindo que si, e con todos os informes sectoriais favorables e que é un uso permitido no solo rústico a colocación dunha antena e os informes sectoriais son favorables.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que simplemente era una dúbida porque preguntaronme.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando si hai forma de aprobar unha ordenanza e limitar iso.

Responde a Sra. Marcos García dicindo que esta o PXOM e a Lei do solo de Galicia que o permite en solo rústico.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que o servizo hai que dalo, e non estou en contra diso.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si está en contra de que poñan antenas onde queiran.

Intervén a Sra. Marcos García dicindo que si, pero despois todos queremos cobertura,

Toma a palabra o Sr. Alcalde preguntando si hai algunha necesidade de cobertura e si a hai pois que se poña a antena onde menos moleste, onde menos xente haxa, todo é compatible.

Responde a Sra. Marcos García dicindo que é un uso compatible non solo rústico é máis, isto é como un promotor que logo a vende a unha empresa de telefonía.

O Sr. Alcalde pregunta que é o que quere saber sobre as sentenzas.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que no caso da de Dna. Irene García García non sei o que pasou.

Intervén o Sr. Secretario sinalando que ou ben foi o tema las Anclas ou a adega de atrás que o gañaron a que está pegada.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que a senteza di “contra a desestimación da licenza e a solicitude de declaración de nulidade de licenza”.

Responde o Sr. Secretario sinalando que é o tema das Anclas que perderon con condena de costas.





Intervén o Sr. Alcalde preguntando que é o da adega.

Responde o Sr. Secretario dicindo que é o de Chente que se fixo o recurso de reposición o gañaron e está apelada a sentenza.

Toma a palabra o Sr. Alcalde preguntando si a adega tiña licenza.

Responde o Sr. Secretario dicindo que non, pero din que está prescrito.

Intervén novamente o Sr. Alcalde dicindo que é unha adega sen licenza e a gañaron porque está prescrita, fixeron unha adega sen licenza que quere tirar o edificio das Anclas.

Toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernández dicindo que iso non é unha adega, iso é unha casa.

Responde o Sr. Secretario dicindo que si, está preparada.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando ao Sr. Secretario pola aprobación de facturas de SYTGAL, aparecen unha cantidade de facturas de dez mil, seis mil, catro mil etc.. este tema eu non sei como interventor como o podes informar, habería que facer un contrato ou algo porque isto é un fraude de lei como unha casa.

Responde o Sr. Secretario dicindo que non, non supero o contrato menor a empresa a realiza a obra e o concelleiro/a a conforma.

Intervén novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que estas facturas xa superan os trinta mil euros.

Responde o Sr. Secretario dicindo que é de forma individual.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández insistindo en que é un fraude de lei e isto un interventor en condicións non o aproba, porque é a mesma empresa a que esta facendo un servizo.

Responde o Sr. Secretario dicindo que son distintas actuacións.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que hoxe é a herba o día seguinte non sei que.

Responde a Sra. Marcos García manifestando que pasa o mesmo ca Ferraxería Sar, e que si lle fas caso, a ferraxería se lle gastan máis de quince mil euros anuais e non vas a sacar un concurso de cada cousa que van a facer.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que son cousas urxentes.





Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que hai temas de reparacións e de xardinería.

Responde a Sra. Marcos Garcia dicindo que a xardinería foi a concurso.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que si chegan as alfombras e necesitan verde e non hai xente e temos que ir a cortalo a alguén lle temos que encargar que a corten e non sabemos a principio de ano que imos a contratar ese servizo porque non sabemos si vai a haber xente para a alfombra ou non, ou cae o castaño na Pena e hai que facer algo con eles que por certo, é unha pena, pero que fas con castaños de catrocentos anos polo tanto, son actuacións que non están nun contrato porque non sabes que se van a prestar, non se necesitan.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández facendo referencia a contratación que se fixo solicitamos acceso ao expediente, e unha vez vis eu creo que hai que facer as cousas minimamente ben, no expediente non hai nada, non hai valoracións, nin informes sociais nin antigüidade do INEM, meteuse a xente a dedo e eu creo que hai que priorizar algo. Cando había contratacións de praias nós tiñamos una prioridade que era Protección Civil que traballan todo o ano gratuitamente para o concello, no expediente que vin non había nada, ni informe social nin nada.

Intervén a Sra. Barrón Ferro preguntando que expediente é, e de que contratación.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que é a contratación de dous peóns, eu pedín o acceso ao expediente e non hai nada, nin valoración, nin antigüidades no INEM, nin informe social, nin temas familiares, ou como dixen antes protección civil porque xa é complicado que a xente ande nos incendios traballando gratis todo o ano e cando hai una oportunidade de métego en praias ou en outro programa que non se teña en conta, paréceme inxusto, eu creo que hai que priorizar, ou antigüidade no INEM, ou informe social, ou protección civil hai que darlle una volta porque creo que P estamos a facer moi mal que o criterio é a antigüidade no INEM pois ben, o informe social ou entorno no que vive a persoa, pois tamén, iso hai que valoralo e neste expediente non se valora nada e iso é sinxelo de facer, pedir a xente a documentación e contratar valorando estes criterios.

Remata o Sr. José Manuel Cendón Fernández a súa intervención.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e corenta minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.





*Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente*

*Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor*



Cod. Validación: LRYPC7M73XPYF35L3GGXTNGZN | Corrección: <https://ares.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 24